

## A NECESIDADE DE COÑECER AS INQUEDANZAS DO PACIENTE CON ENFERMIDADE INFLAMATORIA INTESTINAL

- *A Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal do CHUVI organiza a primeira xornada de colaboración cos seus pacientes*
- *O obxectivo é coñecer as opinións dos enfermos que padecen EII tanto dende o punto de vista clínico como das súas necesidades cotiás*
- *Na área sanitaria de Vigo están censados 1.600 pacientes con esta doenza*

**Vigo, 20 de decembro de 2018.** Presentar a Unidade aos seus usuarios, e coñecer de primeira man as necesidades e inquedanzas dos enfermos. Estes son os obxectivos que se marcou a Unidade de Enfermidade Inflamatoria Intestinal (EII) ao organizar a *I Xornada de Colaboración cos Pacientes*.



A sesión celebrarase o vindeiro venres, 21 de decembro, a partir das 17.00 h, no Salón de Actos do Hospital Álvaro Cunqueiro. Á mesma asistirán os responsables desta Unidade, así como as asociacións de enfermos que sofren este tipo de doenzas: a enfermidade de Crohn e a colite ulcerosa. Con todo é unha actividade aberta a todos os pacientes con EII e aos seus familiares.

“A Unidade, dependente do Servizo de Aparello Dixestivo, foi creada hai case un ano, e aínda que avanzamos moito, necesitamos o contacto directo coas asociacións de pacientes, a fin de coñecer as súas necesidades, tanto desde o punto de vista clínico como do seu día a día, en definitiva saber que aspectos son para eles prioritarios”, explica a doutora María Luisa de Castro Parga, facultativa da Unidade.

A intención dos integrantes da Unidade é que este tipo de encontros cos pacientes realícese de unha forma organizada e periódica.

### **Un censo importante**

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) ten rexistrados a 1.600 pacientes na área sanitaria viguesa que están diagnosticados de Enfermidade Inflamatoria Intestinal.

Os profesionais alertan que a súa incidencia está a aumentar, polo que é necesario estar moi atentos á súa evolución. A Unidade mantén activos, é dicir en revisións periódicas e controis, a 850 destes enfermos.

A EII inclúe fundamentalmente a enfermidade de Crohn e a Colite ulcerosa. Ámbalas dúas son enfermidades inflamatorias crónicas que afectan ao aparello dixestivo con períodos de actividade e períodos de remisión. Ademais dos síntomas dixestivos, poden aparecer tamén manifestacións articulares, na pel e noutros órganos como os ollos e o fígado.

O síntoma principal en ambas enfermidades é a diarrea que pode acompañarse de rectorraxia (sangue nas feces), principalmente na Colite Ulcerosa. Noutras ocasións ven acompañada de dor abdominal, anemia, perda de peso, febre e atraso do crecemento nos nenos. Ante estes indicios póñense en marcha o máis rápido posible os estudos que permiten facer o diagnóstico.

A EII é unha enfermidade crónica. O obxectivo do tratamento é lograr a remisión (ausencia de síntomas) e controlala para evitar os danos estruturais e as complicacións que se poden producir se a enfermidade mantense activa. Estes pacientes poden precisar tratamentos crónicos, ingresos hospitalarios e cirurxías e todo iso pode incidir na súa calidade de vida.